

LINARES FERNÁNDEZ, Laura (ed.) (2016): *Verbas atlánticas. Poesía inglesa, escocesa e irlandesa traducida por Plácido Castro*. Cambados: Fundación Plácido Castro, 305 pp.

Era unha tarefa urxente a de compilar as traducións de Plácido Castro, repartidas en distintas publicacións e textos inéditos, polo que é de louvar a iniciativa da Fundación que leva o nome deste intelectual nacionalista galego de recoller, en edición bilingüe, a poesía inglesa, escocesa e irlandesa que Plácido Castro traduciu cara ao galego e que Laura Linares Fernández compilou con escrupulosa mestría. Amais das alfaias literarias recollidas, esta edición conta cun aparato crítico e informativo que acompaña os textos literarios e que paso a comentar.

A Introducción comeza coa sección “Plácido Castro: Biografía”, na que con loable concisión e acerto se detallan os principais fitos na vida persoal e profesional de Plácido Castro: mocidade e estudos en Escocia; viaxe a Irlanda en 1928; colaboracións xornalísticas con *El Pueblo Gallego* nos anos vinte; traxectoria tradutora; retorno a Galicia e participación na vida política –Irmandade da Fala da Coruña, Partido Galeguista, campaña a prol do Estatuto de Autonomía de 1936, desterro e inhabilitación tras a Guerra Civil–; regreso a Inglaterra en 1948 e colaboración coas emisións en lingua galega da BBC –o Galician Programme–; retorno a Galicia en 1956; colaboración xornalística co Faro de Vigo e outras actividades culturais, docentes e de investigación ata o seu falecemento en 1967.

A seguinte sección “Plácido Castro, identidade e tradución en Galicia” é de gran valor para a tradutoloxía ao expor os principios e estratexias da práctica tradutora deste intelectual galego. Fanse referencias obrigadas ás análises que das traducións de Castro fixeron Alberto Alvarez Lugrís e Silvia Vázquez Fernández. Entre os principios salientase a concepción da tradución como necesaria apertura ao mundo e ferramenta para a innovación do sistema literario propio. Entre as estratexias sobresa a procura dun léxico especificamente galego,

afastado na medida do posible da influencia castelá. Por outra banda, a fidelidade ao orixinal subordínase á “reconstrución e diferenciación da cultura de Galicia” (p. 16) conforme ao ideario nacionalista. Non menos importante para a tradución poética é a sensibilidade literaria de Castro, coñecedor das particularidades deste xénero respecto do emprego de léxico, as tensións entre sintaxe e verso, os padróns de sons, ritmos, pausas, etc.

A sección titulada “O galego de Plácido Castro” resulta de grande interese lingüístico tanto desde un punto de vista sincrónico como diacrónico, pois infórmanos das escollas feitas por este intelectual do seu tempo á vez que nos amosa a vizosa variedade da lingua: formas sincopadas, harmonizacións vocálicas, hiperenxebriños e castelanismos son algunhas das características da lingua de Plácido Castro que Laura Linares Fernández enumera e exemplifica nesta parte da súa introdución. En calquera caso, cómpre salientar a importancia que Castro lle deu aos rexistros orais e coloquiais da época como repertorio lingüístico a promover, amais de consideralos axeitados para a tradución poética.

Introdúcense, tamén, varias observacións sumamente esclarecedoras sobre a estrutura e criterios desta compilación da poesía traducida por Plácido Castro na sección “Sobre esta edición”. A compilación consta de dúas partes: unha primeira que reúne as traducións da poesía inglesa, escocesa e irlandesa e unha segunda parte coa versión galega das *Rubáiyát* do poeta persa medieval Omar Kháyyám, cuxa inclusión nesta antoloxía de *Verbas Atlánticas* está xustificada por partir da primordial versión inglesa de Edward FitzGerald, tamén incluída nesta edición bilingüe. Podemos confirmar, na explicación dos criterios de selección de textos e versións, o esmerado coidado da editora Laura Linares Fernández na identificación

das fontes bibliográficas de máis autoridade ou interese, publicadas ou inéditas, así como na inclusión dos textos orixinais empregados polo tradutor. A Introducción remata cunha sección bibliográfica que selecciona tanto a obra tradutora de Plácido Castro como os estudos realizados sobre a traxectoria intelectual e política do autor, nomeadamente as publicacións de Xulio Ríos, especialista na obra do autor.

A extensa primeira parte de poemas en versión orixinal e tradución galega –duascentas páxinas– comeza cunha breve sección de tres poemas curtos, con orixe no gaélico antigo, traducidos cara ao galego desde versións inglesas, tal e como aclara a editora na súa Introducción. Dous dos poemas revelan a profundo sentimento relixioso do pobo irlandés na época medieval e o terceiro poema “O forte de Rathangan” [The Fort of Rathangan] trata o tema da *vanitas*, do poder efémero dos reis fronte á permanencia dos seus castelos. Na tradución de Castro podemos observar a súa atención á versión inglesa, así como a alteración sintáctica, a modo de quiasmo, que salienta os termos contrapostos de “forte” e “terra”: “Tocoulle a cada un a súa xeira, o forte fica, / e na terra, durmindo, están os reises” [The fort remains after each in his turn / And the kings asleep in the ground] (pp. 32-33).

O resto das versións inglesas, coas súas respectivas traducións galegas, están ordenadas alfabeticamente polo apelido do autor orixinal, do que se fornece unha breve biografía, sendo Christina Rossetti e W.B. Yeats os dous poetas con maior número de poemas traducidos, con catorce e dezanove poemas respectivamente. Non sorprende que, dos vinte e un poetas compilados na primeira parte, amais dos poemas de orixe gaélica, once escritores foran nados en Irlanda, país que visitou Plácido Castro en 1928 e que constituíu para Galicia unha fonte de inspiración literaria, cultural e política desde a segunda metade do século XX. A única muller poeta da compilación é a xa mencionada Christina Rossetti, o cal pon de manifesto os prexuízos de xénero dos intelectuais da época tanto nas Illas Británicas como en Galicia. De todos os poemas traducidos fórnese a fonte, lugar e data de publicación nunha mostra máis do esmero filolóxico da editora da compilación.

Os poetas traducidos forman parte do canon literario das Illas Británicas, razón pola que esta compilación constitúe unha xoia

literaria na que atopamos poemas ineludibles como “O año” [The Lamb] de William Blake traducido por Castro con atención ao orixinal e acertadas rimas: “deuche roupa deleitosa, / lene, brillante, lanosa; / deuche esa voz tan tenriña / que enche os vales de ledicia?” [Gave thee clothing of delight, / Softest clothing wooly bright; / Gave thee such a tender voice, / Making all the vales rejoice!] (pp. 50-51).

Outro poema de referencia é “Sou Irlanda” [I Am Ireland], do escritor nacionalista irlandés Padraig Pearse –un dos líderes do Alzamento de Pascua de 1916. Neste caso, o poema gaélico de Pearse, está aquí na versión de Lady Gregory, quen tamén fornecera a W.B. Yeats dun gran número de traducións inglesas do folclore irlandés. Revela o texto orixinal as configuracións de xénero da época ao representar a nación como unha vella nai abandonada polos seus fillos, así como polo papel tradicionalmente secundario e invisible da muller tradutora –non é o caso desta edición, na que o nome de Lady Gregory aparece debidamente recoñecido.

O poema “Mise Eire” [Son Irlanda] de Pearse é un chamamento aos irlandeses para que loiten pola independencia de Irlanda: “Grande é a miña vergoña, / os meus fillos mataron a nai” [Great my shame, / My own children killed their mother] (pp. 142-143), pero a esta arenga as mulleres poetas actuais responderon dun xeito moi distinto. Eavan Boland (1987), nun poema co mesmo título que o de Pearse “Mise Eire” [Eu son Irlanda], fai falar tamén a unha muller, pero non como icona da nación inmortal, senón como emigrante que debe deixar o país pola fame: “I am the woman /... / holding her half-dead baby to her” [Eu son a muller /.../ quen sostén a súa crianza medio morta (a miña tradución)]. En 1991, Máighréad Medbh respondeu tamén a Pearse con outro poema, “Easter 1991” [Pascua 1991]: “I am Ireland and I am sick / sick in the womb / sick in the head / and I’m sick of lying in this sickbed / and if the medical men don’t stop operating / I’ll die” [Eu son Irlanda e estou doente / dóeme a matriz / dóeme a cabeza / e estou doente por ter que ficar neste leito de enfermo / e como os homes doutores non deixen de operaren / hei morrer (a miña tradución)].

Moi distinta da poesía patriótica de Padraig Pearse é a de Christina Rossetti, de tipo amoroso ou relixioso, en versificación e rimas de

exquisita musicalidade que resultan todo un desafío para a tradución. Esta poeta do grupo de artistas prerrafaelitas da segunda metade do século XIX atraeu unha atención singular por parte de Plácido Castro, quen probablemente se sentiu cativado polos seus tropos do mundo natural, o seu simbolismo e a aparente sinxeleza das súas baladas. Padróns de rimas e cómputo silábico son maiormente respectados nas traducións de Plácido Castro, quen pola contra xoga coa orde sintáctica para conseguir efectos varios de tipo semántico ou melódico: “Meu Amor, cando eu morra, / triste cantar non cantes; / ciprés sombrizo ou rosas / á testa non me prantes” [When I am dead, my dearest, / Sing no sad songs for me; / Plant thou no roses at my head, / Nor shady cypress tree] (pp. 166-167).

O interese de Plácido Castro pola poesía pastoral –non exenta dunha lectura política pola exaltación do oeste de Irlanda como cerna da esencia irlandesa–ponse de manifesto na súa escolla de poemas como “A illa de lago de Innisfree” [The Lake Isle of Innisfree], de W. B. Yeats, no que o suxeito lírico expresa o seu desexo de marchar á Illa de Innisfree para levar unha vida sinxela, en soidade e en íntimo contacto coa natureza. O contraste entre a urbe sombriza e unha natureza calma e idealizada faise evidente nos derradeiros versos: “Eu voume erguer e ireime, pois oio noite e día, / auga de lago a marxe lamber con maino son; / no meio do camiño, na acera cor de cinza, / e escoito no miolo do meu corazón” [I will arise and go now, for always night and day / I hear lake water lapping with low sounds by the shore; / While I stand on the roadway, or on the pavement grey, / I hear it in the deep heart’s core] (pp. 194-195). Observamos na tradución o estrito respecto polas cesuras do poema de Yeats, mentres que as rimas da versión galega recorre á asonancia (día / cinza) pola dificultade de atopar unha rima integral.

A segunda parte desta compilación céntrase nas *Rubáiyát* do astrónomo, matemático e poeta persa do século once Omar Kháyyám, que Plácido Castro traduciu da versión inglesa do poeta británico Edward FitzGerald. As *rubáiyát* [cuartetos] van precedidas dunha introdución do propio Plácido Castro na que nos informa dos debates sobre a autoría das *Rubáiyát*, da sintonía ideolóxica e emocional entre o poeta persa e o británico, dos avatares da tradución inglesa que presentou estes poemas en Inglaterra en 1859, da reordenación

que FitzGerald fixo das cuartetos con respecto ao manuscrito persa así como das liberdades que se tomou na tradución ou re-creación dos versos persas, da recepción da obra na época vitoriana por conservadores e “decadentes” e, finalmente, dos criterios de tradución empregados polo propio Plácido Castro para a súa versión galega.

Neste limiar de Plácido Castro atopamos fermosas e sabias consideracións que revelan o ímpeto literario e creativo do Castro tradutor. Tal é o caso, por exemplo, da súa reflexión sobre as analoxías entre astronomía e poesía: “... a Astronomía é a máis poética manifestación dos nosos días –aquelo que arreda até máis lonxe os lindeiros da imaxinación e da fantasía, o que nos fai sentir a suprema saudade, o tremor do vértigo do Infinito” (pp. 246-247). Ou ben a conclusión sobre a relevancia dos versos de Omar Kháyyám para o público lector de hoxe:

Cecais, afinal, pra tornar a aconsellarnos, como o fixo o Omar hai tantos séculos, que deixásemos rifar ás Seitas, que non escoitásemos máis ós sabios a razoaren aínda “arredor e arredor das cousas” que nos fósemos coel afogár a lembranza das Impertinencias cos consolos de onte e de hoxe –o Rubí do Viño, o “fermoso ídolo de natureza huri”, o Libro de Poemas, as xuntanzas cos gratos compañeiros que van sendo menos con cada Ronda que pasa, e a esperanza de que algún día non se esquezan os que aínda fican tras cada un de nós de darlle volta á nosa copa baleira... (pp. 247-248)

Tanto pola calidade da obra orixinal e a súa tradución como polo rigor filolóxico co que están presentadas, podemos concluir que esta compilación é un documento sólido e de gran valor cultural para especialistas en poesía e tradución e para o público lector galego interesado na literatura en linguas inglesa e galega.

Referencias bibliográficas

- Boland, Eavan (2005 [1987]): “Mise Eire”, en E. Boland, *Collected Poems*. Manchester: Carcanet, pp. 102-103.
- Medbh, Máighréad (1993): “Easter 1991”, *Feminist Review* 44, pp. 58-60.

Manuela Palacios González
Universidade de Santiago de Compostela
manuela.palacios@usc.es